Maqueta 12  15/9/08  09:37  Página 1

PERSOAS CON AUTISMO

**AUTISMO GALICIA**

UN MUNDO DE POSIBILIDADES

Maqueta 12 15/9/08 09:37 Página 2

MAREMAGNUM

AUTISMO GALICIA

Nº 12. Ano 2008

Número Ordinario

galego/castelán

*Director*

Cipriano Luís Jiménez Casas

ciprianoluis@menela.org

*Consello de Redacción*

Ana Martínez Díez

Enma Cuesta Fernández

Susana Rodríguez Blanco

Estrela Vázquez Allegue

Cipriano Luís Jiménez Casas

*Corrección Lingüística*

Xabier Ron Fernández, Mª do Carme Bugallo Mariño e

Secretaría Xeral de Política Lingüística

*Ilustración portada*

Bernardo Tejeda

*Edita*

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo

15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

Móvil: 670 797656

E-mail: info@autismogalicia.org

www.autismogalicia.org

I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

*Impresión*

Comercial Gráfica Nós. Príncipe, 22 baixo - Vigo

Maqueta 12 15/9/08 09:37 Página 3

# Sumario

5
Editorial
PERSOAS CON AUTISMO. UN MUNDO DE POSIBILIDADES

7
DIA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO
Cipriano Luís Jiménez Casas

15
COGNICIÓN SOCIAL EN HUMANOS
Christopher D. Frith e Uta Frith

37
AUTISMO E VACINAS
Éric Fombonne

51
LECCIÓNS DE SÍNDROMES PRÓXIMAS AO AUTISMO
Michelle Zappella

69
CENTRO CASTELLO. UN PROGRAMA EDUCATIVO INTEGRAL
"UN XEITO DIFERENTE DE APRENDER IMPLICA UN XEITO DIFERENTE DE ENSINAR!!
Edna García de Martínez

75
OS/AS ALUMNOS/AS CON TRASTORNOS XENERALIZADOS DO DESENVOLVEMENTO. SITUACIÓN EN GALICIA
A. Martínez Díaz, M. Tiemblo Marsal, A. Rodríguez Díaz, Berta Meijide Rico, A. V. Gómez Soler, C. L. Jiménez Casas

Maqueta 12 15/9/08 09:37 Página 4

85
OS SÍMBOLOS NACIONAIS DE EUSKADI, CATALUÑA E GALICIA
Ramón Villares

95
O CONCEPTO DE FRONTEIRA: IDEOLOXÍA E PERFORMANCE NAS CANTIGAS DE SANTA MARÍA
Xosé Ramón Pena

Maqueta 12  15/9/08  09:37  Página 85

# OS SÍMBOLOS NACIONAIS DE EUSKADI, CATALUÑA E GALICIA

Ramón Villares*

*Presidente do Consello da Cultura Galega*

No ano 2007 tivo lugar a conmemoración da estrea por primeira vez, na cidade de La Habana, do himno galego composto por Eduardo Pondal, na súa letra, e por Pascual Veiga, na súa música. Con este motivo, houbo diversas exposicións sobre a materia, actos institucionais en Galicia e en La Habana, así como a publicación dun libro especificamente dedicado aos símbolos de Galicia, promovido polo Consello da Cultura Galega e a Real Academia Galega (*Os símbolos de Galicia*, 2007), con textos de M. Ferreiro, F. López-Acuña, X.L. Axeitos, X.R. Barreiro e de R. Villares –sendo tamén estes dous últimos autores, os curadores do volume–. Dous destes símbolos, a bandeira e o himno, apareceron ou foron cuñados como tais a fins do século XIX, tarefa na que moito traballaron os rexionalistas galegos e as colectividades da emigración na América, nomeadamente en Cuba.

* O autor é doutor con Premio Extraordinario de doutorando pola USC (1980) e Premio da UIMP "a Mellor Tese en Humanidades" (1981). Licenciado en Historia (1973) e catedrático de Historia Contemporánea desde 1987, na USC.

Especializado en historia social e agraria, así como en historiografía e historia cultural, é autor de dúas ducias de libros da súa especialidade e de numerosos artigos e relatorios en congresos científicos, dos que se poden salientar os seguintes:

*La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Editorial Siglo XXI, Madrid, 1982, 453 pp; *(ed.) Donos de seu. Estudos de historia agraria de Galicia*, Editorial Sotelo Blanco, Barcelona, 1988, 427 pp; *(dir.) Historia de Galicia*, Faro de Vigo, Vigo, 1991-1992, 4 vols; *Historia da emigración galega a América*, (con Marcelino Fernández Santiago) Xunta de Galicia, Santiago, 1996, 171 pp; *Idea da Universidade*, Consello Social/Universidade de Santiago, Santiago de Compostela, 1996, 281 pp; *Figuras da nación*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1997, 277 pp; *El mundo contemporáneo. Siglos XIX y XX*, (con Ángel Bahamonde) Editorial Taurus, Madrid, 2001, 621 pp; *Historia de Galicia*, Editorial Galaxia, Vigo, 2004, 476 pp; *Galicia, siglo XX*, La Voz de Galicia,

De forma coetánea ao acontecido en Galicia, tivo lugar o proceso de construción ou recuperación dos símbolos nacionais doutras nacións culturais sen Estado en España, como son Cataluña e Euskadi. Foi a súa resposta simbólica a procesos semellantes de "invención" de bandeiras e himnos por parte dos grandes estados nacionais europeos. A súa aparición é un bo indicador dos problemas con que se afrontou a idea nacional, tanto no estado-nación español como no ámbito dos nacionalismos "subestatais" do que nos ocupamos aquí. No caso de España, tanto no himno nacional (unha antiga "marcha granadera") como na bandeira, os cambios foron dabondo frecuentes, sendo oficiais formas distintas da bandeira e do himno ao longo da súa historia: as máis coñecidas, alén das formas oficiais de hogano, son o himno de Riego e a bandeira tricolor (vermella, marela e malva).

Estas mudanzas teñen a súa explicación no feito de que o significado que teñen os símbolos nacionais é moi diverso e pode cambiar co paso do tempo ou coas tendencias políticas de cada época. En xeral, todos eles nacen co obxectivo de seren "parlantes" ou "elocuentes", isto é, de transmitir algúns ideais ou valores que sexan partillados pola comunidade política á que simbolizan. Pero non sempre logran os obxectivos de seren factores de integración social e/ou territorial. No caso de España, malia a participación simbólica dos antigos reinos peninsulares (León, Castela, Navarra, Aragón e, non sempre, Granada) no deseño de escudos e bandeiras nacionais-estatais, a percepción política e popular destes símbolos dista moito de ser vista, en amplos territorios peninsulares e desde finais (e non antes) do século XIX, como elementos de integración patriótica, ao estilo dos himnos e bandeiras de Francia, Reino Unido ou Portugal.

As razóns que explican este resultado teñen que ver co proceso de nacionalización levado a cabo en España na época liberal pero, de forma máis específica, co rumbo tomado pola política española desde finais do século XIX, que se diferencia claramente do curso seguido pola maioría dos estados-

A Coruña, 2005; *Una empresa, un siglo. Cien años de Estrella Galicia* (con Luis Alonso), A Coruña, 2006; *Clio nas ondas. De persoas, libros e sazóns*, Editorial tresCtres, Santiago, 2007; *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista*, Fundación Otero Pedrayo, Ourense, 2007; Codirector de *Historia de España*, Editorial Critica/Marcial Pons Ediciones de Historia, Barcelona/Madrid, 2007 e ss.

Director do Departamento de Historia Contemporánea (1983-1986); Decano da Facultade de Xeografía e Historia da USC (1986-1990); Reitor Magnífico da Universidade de Santiago (1990-1994); Director en Galicia da UIMP (1997-2005); Presidente da Asociación de Historia Contemporánea (1996-2002); Director do Arquivo da Emigración Galega (desde 2003); Membro Numerario da Real Academia Galega (ingreso en 2006); Membro do Consello Asesor ou de Redacción de revistas como *Historia Social* (Valencia), *Ler História* (ICSTE, Lisboa), *Hispania*, (CSIC, Madrid), *Análise Social* (ICS, Lisboa), *Ayer* (AHC/M.Pons, Madrid) e *Grial* (Editorial Galaxia, Vigo); Membro do Consello Editorial de Marcial Pons, Ediciones de Historia (Madrid); Membro dos Patronatos do Museo do Pobo Galego, da Fundación Luis Seoane, da Fundación Otero Pedrayo ou da Fundación Juana de Vega.

nación europeos. Pois aconteceu en España que no canto de se afirmar durante o século XX na súa condición de estado-nación unitario ou federal, foron aparecendo diversos proxectos nacionais alternativos que competiron ou discutiron a hexemonía do estado-nación español. A primeira fase deste proceso sitúase no período histórico de finais do século XIX e primeiras décadas do XX, aquel que de forma unánime se ten catalogado como de consolidación dos nacionalismos como factores de transformación e modernización das poboacións rurais europeas.

A expresión máis directa desta diverxencia na estrutura político-territorial da España contemporánea ten a súa tradución nas linguaxes dos símbolos de territorios como Cataluña, País Vasco ou Galicia que, no canto de se sentiren representados nos españois, elaboran e difunden símbolos nacionais propios desde finais do século XIX, nun proceso de nacionalización específica da súa poboación. O sentido desta produción simbólica non se funda na defensa dunha mellor ou máis elevada presenza de valores rexionais ou locais nos elementos comúns e identificadores de España, senón na construción de símbolos que sexan quen de integrar política e ideoloxicamente a poboación dos seus territorios, nun proxecto político diferenciado.

**A bandeira vasca**

Entre os sinais de identidade nacional máis claros de que dispón Euskadi nos tempos contemporáneos, alén do simbolismo que ten o carballo ou "árbol de Gernika" como muda testemuña do xuramento dos "fueros" desde tempos medievais, está o da súa bandeira (*ikurriña* en éuscaro). O seu deseño foi idea dos irmáns Arana (Luis e Sabino), que a conciben como unha insignia identificadora do nacionalismo vasco moderno, pois durante moitos anos só foi usada como símbolo privativo do Partido Nacionalista Vasco (PNV), antes de ser declarada oficial por primeira vez en 1936, por parte do goberno autónomo de J. A. Aguirre formado durante a guerra civil. Tendo sido prohibida polo franquismo, a *ikurriña* sería restaurada como bandeira oficial de Euskadi polo goberno autónomo en 1979.

A orixe partidaria –e non territorial ou, en todo caso, só biscaíña– desta bandeira marcou de forma directa a súa particular historia e, de paso, ocultou outras alternativas anteriores. O significado que os irmáns Arana lle quixeron dar á *ikurriña* foi o de representar a forza do señorío de Biscaia, o peso da relixión na definición nacional de Euskadi e unha vaga evocación británica, coa introdución da aspa verde de Santo André (patrón de Escocia) por baixo dunha cruz branca que remite ao lema *Jaungoikua eta Lagi Zarra* ("Deus e Lei Vella"), propio da tradición foreira vasca. A incorporación da cruz en aspa tamén se explica como referencia á batalla de Arrigorriaga, data fundacional do señorío de Biscaia, que tivera lugar nun remoto 30 de novembro do ano 888, día que ten por patrón a devandito santo.

O máis relevante na aparición da *ikurriña* foi, con todo, o seu carácter partidario e *biscaitarra*, que a vinculou de forma estrita á evolución do propio PNV. De feito, no contexto das loitas polo mantemento dos *foros* por parte das deputacións forais vascas foran aparecendo outras bandeiras, que subliñaban moito máis a alianza institucional e política dos catro territorios históricos de Vasconia (Euskadi e Navarra) e menos a ideoloxía nacionalista de base relixiosa e historicista. Pero destes precedentes simbólicos apenas ficou memoria posterior, por máis que unha destas bandeiras figurase en 1881 na procesión cívica en homenaxe a Víctor Hugo celebrada en París con motivo do seu oitenta aniversario. Porque a difusión da *ikurriña* converteuse, para o PNV, nun instrumento decisivo para a creación dunha cultura política nacionalista. Algo semellante aconteceu co himno nacional vasco, adaptado por Arana en 1902 sobre unha melodía popular que, coma a *ikurriña*, chegou a ser oficial en 1936 e, posteriormente, tamén en 1983 fronte a outras alternativas como o *Gernikako Arbola* de Iparaguirre.

En todo caso, o que cómpre subliñar deste proceso de construción de símbolos identitarios vascos foi a súa dependencia directa do movemento nacionalista que representou desde a súa fundación o PNV, como un partido que aspiraba a representar a comunidade vasca desde unha perspectiva nacionalista. A capacidade "nacionalizadora" que tiveran as deputacións forais vascas e a navarra nos tempos de predominio do fuerismo liberal (desde o Convenio de Bergara ata o fin da guerra carlista) e de creación dunha mínima estrutura política institucional de goberno, representada nos lemas do *Ururac bat* (As tres, unha) ou do *Laurak bat* (As catro, unha), ficara tronzada despois da abolición dos *foros* en 1876, unha vez rematada a terceira guerra carlista. O tránsito do *fuerismo* ao nacionalismo efectuouse mediante o poderoso mecanismo dun partido novo, o PNV, e tamén mediante un programa de construción de novos símbolos políticos, que foron obra de círculos políticos e asociacións culturais e non de institucións públicas e de goberno. E todo este proceso tivo lugar, nas súas liñas básicas, nos anos finais do século XIX e primeiros pasos da seguinte centuria, isto é, arredor da crise de 1898.

## Himno e *senyera* de Cataluña

Contexto temporal análogo, se ben con diferenzas políticas notables, pódese atopar no exemplo de Cataluña, moito máis empeñada daquela que Euskadi na construción dun verdadeiro proxecto nacional alternativo ao que representaba o Estado español, amplamente desacreditado despois do "Desastre" de 1898. E unha das pezas desa construción nacional foi a conversión de diversas tradicións corais ou heráldicas en símbolos nacionais. E como no caso vasco, o axente fundamental deste proceso foron as entidades culturais e políticas de ideoloxía catalanista que, parcialmente, se expresaron politica-

Maqueta 12 15/9/08 09:37 Página 89



mente na *Lliga Regionalista* fundada en 1901, baixo a dirección de Prat de la Riba e, despois, de Francesc Cambó.

A bandeira nacional catalá, a *senyera*, tivo un longo período de xestación. Na súa trama básica de combinación das cores vermella e amarela, coa forma das "quatre barres", deriva da antiga tradición heráldica medieval, o que permite soster, segundo Martí de Riquer, que se trata dun dos "blasóns máis antigos de Europa" (Anguera, 2001, 13). A conversión desta imaxe heráldica nunha insignia patriótica foi un proceso que se desenvolveu no último cuarto do século XIX, cando comeza a ser empregada como símbolo identificador de asociacións e ateneos catalanistas, desprazando a cruz de San Xurxo. Con todo, a súa difusión era aínda débil, como mostra o feito de que non figura na importante reunión de *Unió catalanista* en Manresa no ano 1892. Os pasos decisivos para a súa transformación en símbolo nacional teñen lugar entre 1899, que é cando se produce a primeira ruptura do conservadorismo catalán co partido dinástico de Silvela, e o ano 1905, cando se consolida a alternativa política antidinástica da *Solidaritat* catalá, nunha alianza electoral de amplo espectro ideolóxico, pero nucleada polo seu ideario nacionalista.

A primeira exhibición da *senyera* como un acto reivindicativo por parte dun cargo institucional tivo lugar en Reus, no ano 1899, cando o alcalde da cidade fai ondear a bandeira catalá no pico do campanario, durante as festas patronais. A partir de entón, ten lugar unha progresiva consideración da bandeira cuatribarrada como un sinal de reivindicación da identidade catalá, favorecida ademais polas sucesivas prohibicións gobernativas da súa exhibición pública. Con ocasión de visitas oficiais de ministros ou do mesmo monarca Afonso XIII a Barcelona, comezaron a aparecer nos balcóns dos edificios bandeiras catalás, cantarse en público o himno de *Els Segadors* ou a proferir berros de *Visca Catalunya*, que moito sorprendían aos visitantes, como lle aconteceu a Eduardo Dato en maio de 1900. A conversión da vella *senyera* en "símbolo de todos os cataláns, non só dos catalanistas" acabaron por conseguila as campañas políticas da *Solidaritat*, desde 1905. Como no caso vasco, a oficialización da *senyera* tería lugar con réxime de autonomía aprobado polas Cortes da II República en 1932.

O seu carácter oficial foi recuperado coa instauración da pre-autonomía en 1977 e co pleno funcionamento da mesma a partir das primeiras eleccións autonómicas de 1980.

Evolución semellante experimentou a creación dun himno nacional de Cataluña, con secular tradición histórica aínda que menor que no caso da bandeira, pero con análoga coetaneidade temporal. O himno coñecido como *Els Segadors* parte dunha cantiga popular de sega, do século XVII, que se seguía cantando no século XIX, pero que carecía do significado que logo tivo. Foi a eclosión da música coral de finais do século XIX, animada polo *Orfeó Català* e polo músico Clavé, e o fracaso de crear "ex novo" un himno nacional, o

Maqueta 12 15/9/08 09:37 Página 90



que facilitou o camiño para o éxito definitivo de *Els Segadors*. Na década de 1890 houbo varias tentativas, mediante concurso, para fomentar a composición dunha "xenial poesía" que, "posta en música", fose axeitada para constituír o "himno nacional de Cataluña". O concurso, repetido ata en tres ocasións, ficou deserto e, en troques, *Els Segadors* comezou a ser interpretado polo *Orfeó Catalá* como peza final de concerto, de modo que "sen saber moi ben como", aquela melodía popular foise convertendo no verdadeiro himno nacional catalán.

O que importaba non era tanto a súa letra nin mesmo a súa música, senón que, para dicilo con palabras de Joan Maragall, foi unha decisión popular, que solicitaba reiteradamente a súa interpretación, a que fixo de *Els Segadors* un himno patriótico: "sempre o que o pobo cante, o que se lle pegue ao seu oído colectivo, o que espontaneamente se propague e xeneralice, aquilo será o himno popular, por riba de todos os propósitos, de todos os intentos reflexivos e de todos os estudos". E así foi como sobre unha melodía redescuberta polo catalanismo se creou unha nova tradición que cumpría todos os requisitos necesarios para o seu éxito: raíz secular e adopción popular. O resto foi obra do catalanismo político que, desde 1899, máis que facer un himno a partir do seu programa político, fixo do himno o seu programa, parafraseando de novo palabras maragallianas.

## Himno e bandeira de Galicia

O caso de Galicia encaixa ben nesta tendencia advertida nos procesos de construción dos símbolos nacionais en todo o mundo. No que coñecemos ata agora da historia dos símbolos de Galicia, son doadas de advertir tanto pautas comúns a moitos outros países, como tamén singularidades que será do caso salientar acaidamente.

Desde logo, os exemplos máis próximos aos de Galicia son os de Euskadi e Cataluña e non, por suposto, os de grandes estados-nación europeos. Como é obvio, a potencia dos símbolos políticos depende en gran medida dos recursos, persuasivos ou coercitivos, que se empreguen para a súa interiorización polas comunidades políticas implicadas. E se nos casos de estadosnación plenamente constituídos non sempre lograron plenamente os seus obxectivos, moito máis débil se presenta a situación en culturas nacionais "subestatais" que, polo regular, careceron de recursos institucionais e administrativos propios.

Himno e bandeira galegas teñen unha orixe case coetánea e nas dúas están presentes dous compoñentes básicos. Dunha banda, o papel do rexionalismo de orientación liberal, representado por Murguía e polo grupo coruñés da *Liga Gallega* e da Real Academia Galega, que alentou ou fixou coa súa autoridade intelectual tanto a aparición do himno de Pondal e Veiga como a definición precisa da bandeira azul e branca, como futura insignia nacional de

Maqueta 12 15/9/08 09:37 Página 91



Galicia, aínda que daquela se concibía como "rexional". E, doutra banda, foron as colectividades da emigración, nomeadamente as asentadas na illa de Cuba, as que achegaron a adhesión popular e a mobilización política que na Terra non era quen de lograr o movemento rexionalista.

En ambos casos, o período cronolóxico decisivo foron os anos finais do século XIX. No 1890, ten lugar o concurso do himno. No 1891, prodúcese exhibición por primeira vez da bandeira galega na translación dos restos de Rosalía desde o cemiterio de Adina ao Panteón de Bonaval. Pero tamén en ambos casos, demorouse algúns anos a fixación definitiva destes símbolos, pois a estrea oficial do himno non tivo lugar ata 1907 e a aceptación da bandeira definida por Murguía e coa autoridade da RAG aínda tardou máis tempo en deixar de ser obxecto de controversia. Pero o seu uso foi anterior ao do himno. De feito, cando se inaugura o monumento dedicado aos Mártires de Carral, ondea a bandeira galega, pero interprétase o *Himno de Riego*, así como algunhas muiñeiras. O himno de Pondal e Veiga aínda era descoñecido.

A capacidade do rexionalismo galego para construír un leque de símbolos propios de Galicia foi moi superior á súa dimensión organizativa e ao seu arraigamento popular. Porque ademais de himno e bandeira, foron os rexionalistas de Santiago de Compostela os primeiros promotores do Panteón de Galicia coa chegada dos restos de Rosalía e foi a *Liga Gallega* de Coruña, con Tettamancy, Lugrís e Golpe de cabezaleiros, a principal valedora do primeiro "lugar de memoria" digno de tal nome que ten a historia do nacionalismo galego, coa construción do movemento en honra dos Mártires de Carral, inaugurado en 1904. Os rexionalistas só deixaron para o adiante a fixación dunha Festa nacional, tarefa que acometerían moi axiña as Irmandades da Fala, ao promoveren o 25 de xullo, a imaxe do acontecido en Cataluña co 11 de setembro, como "Diada" nacional de Galicia.

Alén desta importante achega feita polo rexionalismo galego para a construción nacional de Galicia, cómpre reflexionar unha miga sobre os significados destes símbolos e os trazos singulares que, en perspectiva comparada, se advirten neles. Se reparamos nalgunhas características frecuentes na aparición de himnos e bandeiras en diversos lugares de Europa, hai algunhas que se repiten con frecuencia. No que se refire aos himnos, a súa orixe militar e mesmo belicista é do máis común e, cando dispoñen de letra, a invitación á guerra é ben explícita, como acontece no caso da Marsellesa ("Aux armes, citoyens"). Noutros casos a orixe é máis ben popular e mesmo estudantil (casos de Italia ou Alemaña). O mesmo acontece coa súa música que, cando non é debida a grandes compositores, se beneficia da tradición coral e popular, como é o caso de Cataluña e Euskadi, nos que o orfeonismo de finais do século XIX exerceu unha clara influencia.

O himno galego é, pola contra, unha peza poética encomendada ao poeta de máis alento épico da época, Eduardo Pondal, quen compón un texto que

Maqueta 12 15/9/08 09:37 Página 92



é unha afirmación étnica dun pobo, procurando deste modo a invocación á colectividade que, agás no caso do himno británico, é tan frecuente nos himnos europeos da época. O texto pondaliano posúe unha fonda carga historicista, debedora da hexemonía celtista que puxera en boga o patriarca Murguía, pero tamén proclama a necesidade de redención ou resurrección nacional de Galicia, como un programa de futuro. Identifica aos membros da nación como os "bos e xenerosos", pero a súa natureza excluínte é débil. En suma que, sendo unha "marcha rexional" que devén himno nacional, resume acaidamente a idea que o rexionalismo tiña de Galicia: unha vella nación celta que unha minoría debía espertar. Neste sentido, pode entenderse como un canto de liberdade romántica e non como unha proclama darwinista de confrontación entre nacións inimigas.

A bandeira ten, pola contra, unha carga simbólica moito menor. Alén da discutida orixe mariñeira (que é do máis común nas primeiras expresións das bandeiras logo transformadas en nacionais) e dunha referencia ao Batallón literario de 1808, carece da forza historicista que lograron imprimirlles ás súas respectivas insignias os nacionalistas vascos e cataláns. Tan só a inclusión do escudo de Galicia, coa súa evocación da tradición relixiosa do Reino (cáliz e hostia) e a mención das vellas sete provincias representadas nas cruces, achega á bandeira a necesaria fondura histórica. Acontece neste caso algo semellante á posterior escolla da Festa nacional do 25 de xullo, na que se mesturan referentes identitarios galegos de innegable orientación relixiosa (Apóstolo Santiago ou Sacramento en Lugo), con referentes propios da monarquía española, como é claro no caso da Ofrenda rexia ao Apóstolo, coincidente na mesma xornada co Día nacional de Galicia.

Á vista de todo este percorrido, podería afirmarse que os símbolos de Galicia foron creados de acordo coa tradición histórica, pero con escasos compoñentes "invencionistas" ou de manipulación do pasado. No caso do himno, a diferenza do exemplo catalán de mutación cualitativa do vello texto de *Els Segadors*, Pondal e Veiga afrontan o reto de crear algo novo pero anoado coa mellor tradición poética da literatura galega coetánea e coa práctica do rexionalismo musical. No caso da bandeira ou do escudo, a congruencia coa tradición xacobea e eucarística de Galicia é máis un recoñecemento dese peso do que unha descuberta dunha suposta antigüidade heroica. Isto non quere dicir que a obra dos rexionalistas galegos se aparte da tendencia coetánea a elaborar símbolos políticos sobre unha base historicista. Pero se esta é unha práctica común, polo menos fica patente que nos principais valedores destes símbolos, como Murguía, estivo decote presente máis o rigor documental que a vontade propagandística.

A conversión de todos estes símbolos cuñados polos rexionalistas ou polas Irmandades da Fala en símbolos oficiais de Galicia non tivo lugar ata que foron aprobados polo primeiro Parlamento de Galicia, en 1984. Pero que fosen oficiais en datas tan recentes non lle quita valor nin importancia ao

labor desenvolto polo galeguismo político que, con escaso poder institucional (Real Academia, desde 1906 e Seminario de Estudos Galegos, desde 1923) e asemade débil apoio popular, só compensado polo entusiasmo da Galicia americana, logrou dotar a Galicia non só de símbolos propios, senón de evitar un "campanilismo" de emblemas que faría moito máis dificultoso que, nos tempos da autonomía política, se puidesen adoptar sen apenas discusión unhas propostas que gozaban a un tempo de rigor histórico, grandeza estética e significación colectiva. Esta foi a herdanza que deixaron os devanceiros rexionalistas que, ollada desde hoxe, revela que en corpos pequenos por veces se esconden fortalezas de xigantes. Que tal foron homes como Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Pascual Veiga ou Fontenla Leal, nomes esenciais para entender a historia que se conta neste libro.

**Bibliografía**

ANGUERA, P. (2001). Els quatre barres: de bandera a seneyra. En Anguera et al. *Simbols i mites a l'Espanya contemporània*, Centre de Lectura, Reus.

BARREIRO, X.R./VILLARES, R. (2007) (eds.). *Os símbolos de Galicia*. Consello da Cultura/Real Academia Galega, Santiago/A Coruña.

DE PABLO, S./MEES, L./RODRÍGUEZ RANZ, J.A. (1999). *El péndulo patriótico. Historia del Partido Nacionalista Vasco, I, 1895-1936*. Crítica, Barcelona.

HOBSBAWM, E. /RANGER, T. (1988). *The invention of tradition*. CUP, Cambridge (trad.).

LOLO, B. (1999). El Himno. En VV.AA. *Símbolos de España*. CEPC, Madrid.

MARAGALL, J. (1989). Los segadors. En *Obras completas. Artículos*. (v. II) Gustavo Gili, Barcelona.

MARFANY, J.LL. (1995). *La cultura del catalanisme*. Empuries, Barcelona.

RIQUER, B. DE (1992). Nacionalidades y regiones. Problemas y líneas de investigación en torno a la débil nacionalización española del siglo XIX. En Morales, A./Esteban de Vega, M. (eds.). *La historia contemporánea en España*. Universidad de Salamanca, Salamanca.

RUBIO, C. (2004). La primera bandera de Euskalerría. *Sancho el Sabio*, 20.

SOLDEVILA, F. (1901). *El año político (1900)*. Imprenta de Enrique Rojas, Madrid.

THIESSE, A.M. (1997). *Ils apprenaient la France. L'exaltation des règions dans le discours patriotique*. París, Maison des sciences de l'homme.

VV.AA. (1999). *Símbolos de España*. Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, Madrid.

WEBER, E. (1976). *Peasants into Frenchmen. The Modernization of Rural France, 1870-1914*. Stanford U. Pres, Stanford.

# LOS SÍMBOLOS NACIONALES DE EUSKADI, CATALUÑA Y GALICIA

Ramón Villares*

*Presidente del Consello da Cultura Galega*

En el año 2007 tuvo lugar la conmemoración del estreno por primera vez, en la ciudad de La Habana, del himno gallego compuesto por Eduardo Pondal, en su letra, y por Pascual Veiga, en su música. Con este motivo, hubo diversas exposiciones sobre la materia, actos institucionales en Galicia y en La Habana, así como la publicación de un libro específicamente dedicado a los símbolos de Galicia, promovido por el Consello da Cultura Galega y la Real Academia Galega (*Os símbolos de Galicia*, 2007), con textos de M.Ferreiro, F.López-Acuña, X.L.Axeitos, X.R. Barreiro y de R.Villares –siendo también estos dos últimos autores, los curadores del volumen–. Dos de estos símbolos, la bandera y el himno, aparecieron o fueron acuñados como tales a finales del siglo XIX, tarea en la que trabajaron mucho los regionalistas gallegos y las colectividades de la emigración en América, nombradamente en Cuba.

* El autor es doctor con Premio Extraordinario de doctorando por la USC (1980) y Premio de la UIMP "a Mellor Tese en Humanidades" (1981). Licenciado en Historia (1973) y catedrático de Historia Contemporánea desde 1987, en la USC.

Especializado en historia social y agraria, así como en historiografía e historia cultural, es autor de dos docenas de libros de su especialidad y de numerosos artículos y ponencias en congresos científicos, de los que se pueden destacar los siguientes:

*La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Editorial Siglo XXI, Madrid, 1982, 453 pp; *(ed.) Donos de seu. Estudos de historia agraria de Galicia*, Editorial Sotelo Blanco, Barcelona, 1988, 427 pp; *(dir.) Historia de Galicia*, Faro de Vigo, Vigo, 1991-1992, 4 vols; *Historia da emigración galega a América*, (con Marcelino Fernández Santiago) Xunta de Galicia, Santiago, 1996, 171 pp; *Idea da Universidade*, Consello Social/Universidade de Santiago, Santiago de Compostela, 1996, 281 pp; *Figuras da nación*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1997, 277 pp; *El mundo contemporáneo. Siglos XIX y XX*, (con Ángel Bahamonde) Editorial Taurus, Madrid, 2001, 621 pp;

Maqueta 12 15/9/08 09:37 Página 194



